

ACORDOS COMITÉ TÉCNICO XIMNASIA RÍTMICA

OURENSE, 11/08/2026

1. NORMATIVAS AUTONÓMICAS 2027.

Apróbanse as seguintes normativas autonómicas provisionais para 2027, as cales adxuntamos e subíranse na web da Federación:

- NORMATIVA DEBUTANTES. Nova normativa de nivel inferior a Escolar para facilitar a incorporación de novos equipos a competición oficial.
- NORMATIVA ESCOLAR CONXUNTOS
- NORMATIVA ESCOLAR INDIVIDUAL
- NORMATIVA PROMOCIÓN
- NORMATIVA PREBASE

Tamén se publicarán os seguintes documentos adxuntos:

- ACCESO A COMPETICIÓN AUTONÓMICAS 2027.
- ASCENSO ESCOLAR A PROMOCIÓN.
- ASCENSO PROMOCIÓN A PREBASE.
- DESCENSO DE PREBASE A PROMOCIÓN.
- DESCENSO DE PROMOCIÓN A ESCOLAR.

Acórdase que a competición de nivel “Debutantes” iniciará ca 1ª Fase no mes de Febreiro e finalizará no mes de Maio ca Fase Final.

Tamén se acorda que os conxuntos de nivel Escolar participantes nas fases provinciais en 2027 (sumatorio I e II Fase Provincial) que se clasifiquen nos últimos postos da cada categoría, en función do 30% da cada categoría, e sempre que non acadaran podium poderán optar a competir na tempada seguinte (2028) no nivel Debutantes ou seguir en Escolar.

2. SUXERENCIAS E PREGUNTAS

Acórdase distribuír, sempre que sexa posible, as entregas de premios das competicións oficiais en varias quendas, co obxectivo de facilitar a asistencia e a organización das familias e dos clubs.